



REGULAMENTO CTO. GALEGO DE TRIAL 2026

A Federación Galega de Motociclismo convoca o Campionato Galego de Trial nas categorías TR1, TR2, TR3, e Trofeos TR4, TR5, Alevín e Fémias, que puntuarán por separado, de acordo co seguinte regulamento:

1. REGULAMENTOS. Os regulamentos particulares de tódalas competicións que puntúan para este campionato deberán ser enviados á F.G.M., como mínimo, cun mes de antelación á súa data de realización para a súa aprobación, xunto coa autorización da Comunidade de Montes ou Concello do lugar onde discorra a competición, e dun plano ou esbozo do percorrido coa indicación da localización das zonas.

Toda aquela competición da cal non se reciba o seu regulamento neste prazo, poderá considerarse suspendida e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas as probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

2. INSCRICIÓNS.

As inscricións e o pago dos dereitos correspondentes deberán efectuarse a través da zona privada de federado na web da FGM www.fgmoto.org.

1. En prazo: ata as 14:59 horas do luns anterior.

2. Fora de prazo: 1º recargo (+10€) ata as 23:59 horas do mércores anterior ao día da proba.

2º recargo (dereitos dobres) ata as 10:00 horas do venres anterior ao día da proba.

A inscrición no día da proba leva dereitos dobres. Os dereitos dobres cobrados no día da proba considéranse unha penalización. A FGM facturará aos clubs organizadores os dereitos dobres cobrados no día.

No caso de non poder asistir a unha competición deberá ser comunicado á FGM ata o venres ás 13.00 h. anterior ao día da celebración da competición. Para ter dereito a devolución dos dereitos, deberá facerse vía correo electrónico a inscricions@fgmoto.org.

O importe das inscricións leva incluído o importe dun euro (1,00 €) de compensación polo gasto derivado da xestión telemática das inscricións e o seu pago.

Un piloto inscrito nunha categoría so poderá cambiar de categoría na segunda proba na que se inscriba. Debe facelo nos prazos recollidos neste artigo. Unha vez participado dúas veces na mesma categoría non poderá cambiar. Non se admiten cambios de categoría no día da proba e na última proba do campionato. Excepcionalmente, o xurado, delegado e director da proba poderán aceptar cambios o día da proba por motivos de seguridade ou climatoloxía adversa.

Poderán participar en calidade de *PILOTO CONVIDADO, pilotos con licenza HOMOLOGADA doutras comunidades autónomas, con dereito a podio e trofeo pero sen optar a puntos nin a figurar na clasificación do Campionato Galego. Deberán inscribirse na web da FGM coas mesmas condicións de prezos e prazos.

DEREITOS INSCRICIÓN	PRAZO	FORA P.		PRAZO	FORA P.
TR1	39 €	49/78 €	TR4	39 €	49/78 €
TR2	39 €	49/78 €	TR5	39 €	49/78 €
TR3	39 €	49/78 €	ALEVIN - XUV	31 €	41/62 €



3. LICENZAS. Poderán participar neste campionato os pilotos que posúan a licenza GALEGA expedida pola F.G.M. do ano en curso da clase Trial e das categorías Sénior, Júnior, Cadete, Xuvenil, Alevín, e Veterano que puntuarán por separado. As solicitudes para participar nas categorías TR1 e TR2 serán sometidas a estudo da Comisión de Trial da F.G.M. Poderán participar na categoría TR2 aqueles pilotos que non teñen o nivel requirido para participar na categoría TR1.

TR1: Lista fechada formada polos primeiros clasificados do campionato anterior mais os que designe a FGM, por decisión técnica ou solicitude do interesado.

TR2: A partir dos 14 anos cumpridos e pilotos autorizados que o soliciten.

TR3: A partir dos 13 anos cumpridos e pilotos autorizados que o soliciten.

TR4: A partir dos 16 anos cumpridos e pilotos autorizados que o soliciten.

TR4_Infantil: A partir dos 11 anos ata os 15.

TR5: A partir dos 16 anos cumpridos.

TR5_Infantil: A partir dos 9 anos ata os 13.

Alevín: A partir dos 6 anos ata os 11.

	IDADE	PORTAS	MOTO
TR1	LISTA FECHADA POR DESIGNACIÓN	VERMELLO	ATA 125cc MENORES DE 18
TR2	A PARTIR DE 14 + AUTORIZADOS	AZUL	ATA 125cc MENORES DE 18
TR3	A PARTIR DE 13 + AUTORIZADOS	VERDE	ATA 125cc MENORES DE 18
TR4	A PARTIR DE 16 + AUTORIZADOS	AMARELAS	ATA 125cc MENORES DE 18
TR4 Infan	A PARTIR DE 11 a 15 + AUTORIZADOS	AMARELAS	80 c.c. e 125 c.c.
TR5	A PARTIR DE 16 anos	NEGRAS	ATA 125cc MENORES DE 18
TR5 Infan	A PARTIR DE 9 ata 13	NEGRAS	80 c.c. e 125 c.c.
XUVENIL	A PARTIR DE 8 ata 13	VERDE	80 c.c. e 125 c.c.
ALEVIN	A PARTIR DE 6 ata 11	AMARELAS	ata 80 c.c. (permitidas 50cc automáticas)

4. MOTOCICLETAS ADMITIDAS. Poderá participar neste campionato calquera motocicleta aceptada polos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. ou F.G.M. para a práctica de Trial. Nas categorías TR1, TR2, TR3, TR4 e TR5 os pilotos menores de 18 anos non serán admitidos a participar con motocicletas superiores a 125 c.c. salvo autorización expresa previa solicitude do interesado.

5. MÍNIMO DE COMPETICIÓNS QUE PUNTUAN. O campionato considerarase válido coas competicións incluídas que se realicen dentro do calendario. Será descontado un resultado cando se celebren 8 ou mais probas, ou tamén cando se celebre algunha fora de Galicia. Si se supende algunha das probas calendadas será ese o resultado a descontar.

6. MÍNIMO DE PARTICIPANTES. O clube organizador poderá suspendela competición ou unha categoría se o número de inscritos é insuficiente. Para que unha categoría sexa puntuable neste campionato deberán tomala saída un mínimo de tres pilotos nesa categoría. Para que unha categoría teña validade a efectos da clasificación xeral final deberán cumprirse os requisitos de participación como mínimo na metade das competicións celebradas. **Para ter dereito ao trofeo e diploma final de CG hai que participar como mínimo**

A interpretación deste regulamento corresponde á Asemblea Xeral, Comisión Delegada da FGM, e árbitro/xurado da proba.



na metade das probas. A partir de que unha categoría teña a participación mínima nunha proba do CG (3 pilotos), esa categoría pasará a ter puntuabilidade sexa cal for a participación a partir de esa proba. Na categoría Fémias e Alevín non se terá en conta o mínimo de participantes **pero si a participación mínima na metade das probas.**

7. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS:

7.1.- O delegado da especialidade ou un técnico designado pola F.G.M. supervisará o nivel das zonas e o percorrido o día antes de que a proba teña lugar. Os clubs organizadores teñen a obrigatoriedade de dispoñer dunha ou dúas persoas o sábado ás 10:00H anterior a celebración da competición para acompañar ó técnico a revisar as zonas. Unha vez supervisadas as zonas polo técnico non se poderán variar. E se xulga oportuno, poderá anula-la puntuabilidade da proba para o campionato. A orde e hora de saída de cada participante será publicada na web, e publicada na mesa de verificacións. Tomarán primeiro a saída os pilotos da categoría ALV CLÁS, TR5, TR4, TR3, logo os TR2 e finalmente os TR1. As probas puntuaveis para este campionato realizaranse en domingo e o primeiro participante sairá ás 09:45 horas, salvo excepcións aprobadas pola Comisión Delegada. Por cada minuto de atraso na saída penalizarase cun punto, ata un máximo de 20 minutos que serán penalizados coa exclusión. As competicións puntuaveis para este campionato deberán contar cun mínimo de dúas voltas e dez zonas ao percorrido. As de tres voltas deberán ter como mínimo 7 zonas. As zonas deberán ter percorridos diferentes para cada categoría:

TR1: Pasos polas portas vermellas.

TR2: Pasos polas portas azuis.

TR3: Pasos polas portas verdes.

TR4: Pasos polas portas amarelas.

TR5: Pasos polas portas negras.

A organización da proba poderá dispoñer que algunha categoría suprima unha ou varias zonas do percorrido así como facer coincidente o trazado destas para diferentes categorías.

7.2.- Tódolos pilotos participantes teñen obrigatoriedade que pasar en cada volta pola zona de saída, que deberá estar próxima ós boxes.

7.3.- Está prohibido o acceso dos mochileiros as zonas, baixo penalización de cinco puntos para o piloto. Esta norma obviarase en casos excepcionais baixo a expresa autorización do xuíz.

7.4.- Ó tempo máximo para realizar cada zona sen penalizar por tempo é de minuto e medio, mais dez segundos adicionais, con penalización por tempo.

8. VERIFICACIÓNS. As verificacións administrativas comezarán ás 8:30 h. e rematarán ás 09:30 h. e as técnicas ata 5 minutos antes da hora de saída asignada. Non serán admitidos a participar na competición aqueles pilotos que se presenten ás verificacións administrativas despois das 09:30 h.

Na primeira verificación técnica que pase a moto terán que presentar a ficha técnica, unha vez pasada esta verificación favorablemente, os técnicos colocarán un adhesivo válido para toda tempada sempre que se presente na saída das competicións nas mesmas condicións na que foi verificada por primeira vez. O comisario técnico comprobará no resto das probas no corredor previo a saída que a moto é apta para tomar a saída. É obrigación do piloto presentar a moto en óptimas condicións técnicas, documentáis e seguridade como mínimo 5 minutos antes de tomar a saída. As motos que non pasen esta verificación técnica preliminar previa a saída da proba, terán que abandonar o corredor de saída e voltar só cando reparen as anomalías detectadas polos técnicos. O piloto que chegue con retraso a hora asignada de verificación técnica ou a saída será penalizado cun punto por minuto ata un máximo de vinte. Mais de vinte minutos de retraso, exclusión.

A interpretación deste regulamento corresponde á Asemblea Xeral, Comisión Delegada da FGM, e árbitro/xurado da proba.



Verificaranse as seguintes partes: rodas, bastidor, motor e silencioso manetas, plásticos, palancas de freo e marchas. As motocicletas deberán incorporar un protector de coroa traseira, de xeito que a forma da superficie sexa compacta e sen buracos. Tamén será obrigatorio o dispositivo de seguridade corto circuito para todas as categorías. (o coñecido como home á auga). Están prohibidas as proteccións de horquilla (rixidas ou desmontables) que rebasen a botella. As partes verificadas serán inspeccionadas polo comisario técnico ó termino da proba. O cambio de calquera destas pezas será motivo de descualificación.

Antes do comezo da competición verificarase a indumentaria dos participantes, que deberán ir provistos de: casco homologado, botas e roupa adecuada para este tipo de probas. Os pilotos teñen a obrigaón de levar o número que lles corresponda completamente visible durante todo trial.

Na primeira proba na que participen entregáranse dous autocolantes có número a cada piloto, un para por no casco e outro para por na moto. Os pilotos están obrigados a levar o número suministrado pola FGM completamente visible na moto e no casco durante todo o trial e serán responsables da conservación dos números ata o final do Campionato e de levalos as probas nas que participen. Entregarase tamén un **PETO** aos mochileiros acreditados para colocar de forma visible para o xuíz de zona. Non será admitida a participación de ningún piloto sen os números correspondentes. Será aplicada a mesma norma aos mochileiros que deben levar o peto identificativo.

Calquera piloto que sexa asistido por un mochileiro que non teña a credencial correspondente será sancionado coa desclasificación da proba e non será admitida a súa inscrición para participar na seguinte proba do Campionato.

O mochileiro será a única persoa autorizada a entrar na zona cando sexa o seu piloto o que vai realizala. Será obrigatorio tramitar licenza de mochileiro para ó acompañante dos pilotos menores que soliciten autorización para competir en categorías superiores e sexan autorizados.

As 09:30 h., cando rematan as verificacións, celebrarase unha reunión (briefing) cós pilotos e mochileiros na zona de saída. Durante esta reunión, de asistencia obrigatoria para os participantes e os seus mochileiros, daranse unha serie de indicacións referentes o regulamento da proba e serán entregadas as tarxetas de penalización. A non asistencia a esta reunión comportará a penalización de 5 puntos.

9. CLASIFICACIÓN DOS PILOTOS. Para a clasificación do vencedor de cada proba, por categoría, adxudicaráselle 25 puntos, 20 ó segundo, 16 ó terceiro, 13 ó cuarto, 11 ó quinto, 10 ó sexto, 9 ó sétimo, 8 ó oitavo, 7 ó noveno, 6 ó décimo, 5 ó undécimo, 4 ó décimo segundo, 3 ó décimo terceiro, 2 ó décimo cuarto e 1 ó décimo quinto. Para a clasificación final do campionato serán sumados os puntos conseguidos por cada piloto en cada unha das probas celebradas. No caso de que o Campionato teña mais de 8 probas, para a clasificación final do Campionato descontarase o peor resultado. No caso de suspenderse algunha das probas calendadas será o resultado que se desconte.

Será proclamado Campión Galego de Trial, en cada unha das categorías, o piloto que obtivese maior número de puntos, e subcampión o que lle siga en puntuación, e así sucesivamente. No caso de empate nunha competición puntuable, resolverase a favor do piloto que obtivese maior número de "0 puntos", de subsisti-la igualada, a favor do que obtivese maior número de "1 punto", etc. Se aínda persistise a igualdade, decidiríase o gañador de acordo coa penalización dos pilotos con igualdade de puntos na última zona da última volta, na penúltima zona, etc. E se subsistise o empate, os dous pilotos serán acredores da mesma praza e recibirán os mesmos puntos do campionato atribuídos a esa posición. En caso de empate na clasificación final do campionato, resolveranse polo maior número de mellores clasificacións en tódalas competicións puntuables. Se persiste o empate, resolverase pola mellor clasificación da última competición puntuable, a penúltima, a antepenúltima, e así sucesivamente, coa mesma fórmula que aplica a F.I.M. Os



pilotos que participen con licenza homologada doutra rexión NON PUNTARÁN PARA O CGT pero sí puntuarán para a clasificación da proba, con dereito a podio no caso de acabar entre os tres primeiros.

10. CAMPIONATO DE CLUBS. Para designar ao club campión galego de trial de cada categoría, tomarase o mellor resultado dos dous pilotos mellor clasificados de cada club na clasificación xeral do campionato.

11. DIPLOMAS E TROFEOS. A Federación Galega de Motociclismo outorgaralles ó finaliza-lo campionato, os seguintes premios en cada categoría:

ó piloto campión:	DIPLOMA e TROFEO
ó piloto subcampión:	DIPLOMA e TROFEO
ó piloto terceiro clasificado:	DIPLOMA
ó club ou escudaría campioa:	DIPLOMA
á marca campioa :	DIPLOMA

O club organizador deberá entregarlles trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría.

Todo aquel piloto que se clasifique nunha das tres primeiras posicións nunha competición ou nun campionato está obrigado a asistir á entrega de premios. O incumprimento inxustificado desta norma producirá a perda do premio ou trofeo correspondente. Se non pode asistir por algunha causa xustificada deberá comunicalo ó organizador e ó presidente do xurado. O incumprimento desta norma, ademais de significar a perda do premio ou trofeo correspondente, producirá a perda dos puntos acadados nesa proba para o campionato. Non se pode subir acompañado ao podio por outras persoas (incluídos nenos/as pequenos). Non se pode subir con mascota.

12. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. Considerase infracción o acto voluntario ou involuntario, realizado durante o transcurso dunha competición e contrario ós regulamentos en vigor ou as ordes dadas por un oficial responsable da competición. Tamén os actos de corrupción, fraude ou calquera outra acción que prexudique ós intereses da competición, participantes ou deporte en xeral. Durante o transcurso dunha competición o xurado ou árbitro, directamente ou a proposta do director de competición ou de calquera oficial autorizado pola federación competente pode impoñe-las seguintes sancións: Advertencia, multa, penalización de tempo ou voltas, desclasificación, exclusión e descualificación segundo o regulado nos artigos 110 e 111 do regulamento deportivo. Poderán ser motivo de sanción tódalas aquelas faltas recollidas no regulamento xeral de Trial, Regulamento Deportivo da F.G.M. ou Regulamento Disciplinario. As sancións por infraccións cometidas polos acompañantes dos pilotos recaerán sobre os propios pilotos.

13. RECLAMACIÓNS. Calquera reclamación contra o desenvolvemento da proba ou da conduta doutro piloto deberá facerse por escrito acompañada de 90 € dentro da media hora seguinte ó termino da proba.

Calquera reclamación contra a clasificación da proba deberá facerse por escrito acompañada de 90 € dentro da media hora seguinte á publicación desta.

Calquera reclamación técnica contra unha motocicleta deberá facerse na media hora seguinte ó remate da proba, por escrito e xunto cunha fianza de 150 €.

Se se comprobase a veracidade dunha reclamación, o importe será devolto, no caso contrario será retido e enviado á F.G.M.

As reclamacións entregaranse en man ó director da competición ou árbitro, acompañadas da fianza correspondente e asinada unicamente pola persoa directamente afectada. Non poderá referirse a máis dun tema por reclamación.



Os pilotos participantes están obrigados a desmontar os órganos mecánicos da súa moto diante do comisario técnico se houberse unha reclamación (neste sentido) doutro participante ou por verificación de oficio. A desmontaxe tamén poderá ser realizada por un mecánico do propio piloto.

14. MEDIDAS DE SEGURIDADE. As competicións de Trial non poderán realizarse por vías públicas abertas ao tráfico, senón en terreos acoutados e debidamente sinalizados. Ningún piloto nin membro da organización poderá circular por vías públicas abertas ao tráfico sen carné e seguro.

Toda competición debe contar, polo menos, cunha ambulancia con dúas persoas (conductor e técnico sanitario). Recomendase ter dúas e médico.

15. APRAZAMENTO DAS COMPETICIÓNS. Os aprazamentos das competicións deberán ser solicitados por escrito cun mes de antelación, como mínimo.

Indicaranse os motivos e a nova data de realización da proba, que terá que ser obrigatoriamente anterior á penúltima proba do campionato. En caso contrario quedará definitivamente anulada, e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas as probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

NOTA: O que pola súa extensión non se recolla no regulamento deste campionato, rexerese polo Regulamento deportivo da F.G.M. e o seu anexo de Trial.

PENALIZACIÓNS POR FALTAS

Nas zonas:

- Unha falta (pé á terra) 1 punto
- Dúas faltas (pés á terra) 2 puntos
- Máis de dúas faltas (pés á terra) 3 puntos
- Superar o tempo máximo de 1'30" 1 punto adicional*

* Acabar nos dez segundos adicionais finais a partir do 1'30" ata 1'40" penalizarase cun punto. (se ves a cero pés =0+1); (se ves cun pé =1+1); (se ves con dous pés =2+1). (Se ves con tres pés = 3+0). Mais de 1'40", fiasco.

- Fiasco 5 puntos
- Esquecer franquear unha zona 20 puntos

Terase só en conta a penalización máis alta na que incorra un piloto nunha zona.

Mais poden engadirse as seguintes penalizacións:

- Non abandona-la zona, unha vez superado o límite de tempo, no momento e polo camiño indicado polo xuíz, 5 puntos suplementarios.
- O mecánico discute a decisión do Xuíz, sobre á penalización do piloto: 5 puntos suplementarios.
- Infrinxi-las normas establecidas de actuación dentro do pasillo da entrada a zona, 5 puntos suplementarios.
- Non franquea-las zonas na orde numérica, 20 puntos suplementarios.

No momento de atribución das penalizacións, outorgarase sempre ó piloto o beneficio da dubida.



Pé a terra. Será considerado pé a terra o feito de que calquera parte do corpo do piloto, ou calquera parte da motocicleta (coa excepción dos pousa-pés, protección do bloque do motor e pneumáticos) toque o chan ou se apoie nun obstáculo (árbore, pedra, etc.)

Cando a motocicleta se atope dentro da zona, o pé a terra pódese producir no interior ou no exterior dos límites desta.

Fiasco: Será considerado como fiasco:

- Por un pé a terra ou cometer falta cando a motocicleta retrocede.
- A motocicleta franquea un límite da zona con calquera das súas rodas ou pasa unha delimitación polo lado equivocado.
- Calquera piloto de calquera categoría ou a motocicleta rompe, levanta ou tira calquera sinalización ou soporte de sinalización, aínda que non sexan os que correspondan a súa categoría.
- O piloto desmonta da súa motocicleta (enténdese como tal cando ten os dous pés no chan, polo mesmo lado ou detrás da motocicleta).
- ~~O piloto non ten as dúas mans no guiador (manillar) no momento no que incorre en pé a terra, e cesa a progresión da motocicleta.~~
- Non finaliza-la zona dentro do tempo máximo autorizado (1 minuto e 40 segundos). Nos dez segundos adicionais finais a partir do 1'30" penalizarase cun punto. (se ves a cero pés =0+1); (se ves cun pé =1+1); (se ves con dous pés =2+1). (Se ves con tres pés = 3+0). Mais de 1'40", fiasco.
- O piloto recibe axuda exterior.
- O piloto ou seu mecánico cambian a dificultade dunha zona.
- O mecánico entra na zona sen autorización do xuíz.
- Rexeita-lo franqueo dunha zona presentándose o piloto ó xuíz de zona.
- O guiador (manillar) da motocicleta toca o chan.
- A motocicleta realiza un bucle completo, que cruza a súa propia trazada.
- A motocicleta pasa por unha porta de zona, correspondente a unha categoría distinta da que lle corresponde, e en calquera sentido.
- A roda traseira franquea o sinal de "inicio de zona" ou o sinal de fin de zona antes cá roda dianteira.
- O eixo dianteiro sae da zona pola porta de entrada.

Exclusión. As seguintes faltas implicarán a exclusión:

- Conduta incorrecta a un oficial polo piloto ou seu mochileiro
- Conduci-la moto sen o casco
- Ausencia de marcaxe ou da marca oficial de substitución
- Cambio de moto ou de piloto durante a proba
- Utilización dun pneumático non autorizado ou cambio do tipo de construción, perfil ou composición do mesmo.
- Utilización de carburante non autorizado
- Utilización de sustancias prohibidas
- Cambio do número do piloto
- O piloto non retoma a carreira polo punto por onde a abandonou.
- Adestramento das zonas.
- Non manifestar ningunha vontade de defendelas súas posibilidades e/ou traballar como mecánico ou asistencia para outro piloto.

Obstrución: considérase que hai obstrución cando un piloto franquea unha zona no momento no que un obstáculo imprevisto impídelle efectualala súa tentativa. Se o piloto pide obstrución, o xuíz de zona pode permitirlle volver a realiza-la zona. Neste caso, a zona será controlada dende o lugar da obstrución e todos



os puntos perdidos antes da obstrución durante a primeira tentativa manteranse. A decisión do xuíz de zona sobre a posibilidade de volver a intentar unha zona non admite reclamación.

A interpretación deste regulamento corresponde o xurado da proba e a Comisión Delegada da F.G.M.

CTO. GALEGO TRIAL TR4 e TR5 INFANTIL 2026

A Federación Galega de Motociclismo convoca o Trofeo Galego de Trial TR4, TR5 e Alevín conxuntamente coas probas do Campionato Galego de Trial e co mesmo regulamento coas seguintes especificacións.

1. CATEGORÍAS:

TR4 + TR4 Infantil. Poderá participar na categoría TR4 Infantil calquera piloto con licenza expedida pola FGM ou homologada RFME a partir dos 11 ata os 15 anos. O vencedor desta categoría en 2025 non poderá competir na mesma categoría ó seguinte ano, salvo autorización expresa da comisión de trial, tendo que pasar á categoría superior que lle corresponda se volve a competir en anos sucesivos.

CATEGORÍA TR5 + TR5 Infantil. Poderá participar na categoría TR5 infantil calquera piloto con licenza expedida pola FGM ou homologada RFME a partir dos 9 ata aos 13 anos. O vencedor desta categoría en 2025 non poderá competir na mesma categoría ó seguinte ano, salvo autorización expresa da comisión de trial. Aberta a participación con motos automáticas e eléctricas sempre que pasen as verificacións técnicas. Cando a interzona sexa longa ou dificultosa para este tipo de motos ou nivel dos participantes, o organizador co visto bo do delegado poderá establecer unha area de saída alternativa para esta categoría ata donde poderán chegar polos seus medios. Nas competicións nas que o delegado anule algunha das zonas para esta categoría poderán establecerse zonas ás que os pilotos podan dar dúas pasadas consecutivas para garantir un mínimo de 12 zonas en cada trial. Neste último caso deberase informar no briefing aos pilotos de TR5 as zonas anuladas, as zonas que se fan dúas veces e o lugar da area de saída alternativa.

DIPLOMAS E TROFEOS. A Federación Galega de Motociclismo outorgaralles, ó finalizalo Trofeo Galego de Trial TR4 & TR5, os seguintes premios en cada categoría:

ó piloto vencedor:	DIPLOMA e TROFEO
ó piloto 2º clasificado:	DIPLOMA e TROFEO
ó piloto 3º clasificado:	DIPLOMA

O club organizador deberá entregarlles trofeos ós tres primeiros clasificados.



COPA GALEGA DE TRIAL INFANTIL

Esta copa rexeráse polo regulamento do Campionato Galego de Trial
A Federación Galega de Motociclismo convoca a copa de trial infantil a modo de cursiño formativo.

LICENZAS. Poderán participar os pilotos que posúan a licenza GALEGA da F.G.M. do ano en curso das categorías Alevín, Xuvenil e Cadete que puntuarán por separado. Tamén poderán participar os nenos de 4 a 6 anos coa acreditación de iniciación. Nenos doutras comunidades poderán inscribirse nestes cursos coa homologada ou rexional se a súa federación autoriza.

MOTOCICLETAS ADMITIDAS. Poderá participar nesta copa calquera motocicleta aceptada polos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. e F.G.M. para a práctica de Trial nas seguintes cilindradas:

XUVENIL	A PARTIR DE 8 ata 13	VERDE	80 c.c. e 125 c.c.
ALEVIN	A PARTIR DE 6 ata 11	AMARELOS	ata 80 c.c. (permitidas 50cc automáticas)
INICIACIÓN	A PARTIR DE 4 ata 6	LIBRE	

3. DESENVOLVEMENTO DOS EVENTOS. Os eventos celebraranse con formato de cursiño, debe prevalecer o carácter didáctico e de aprendizaxe antes que o competitivo. De marcarse zonas, non necesario por tratarse de cursiños, as zonas deberán ter dúas variantes: unha para a categoría Alevín marcado con sinais AMARELOS e outra para a categoría Xuvenil marcado con sinais VERDES. Iniciación pasos libres. Os técnicos deportivos aconsellan nestas idades plantexar as actividades en forma de xogo, sen clasificacións. Poderase entregar medallas a tódolos participantes conxuntamente.

COPA GALEGA TRIAL FEMINAS 2026

Categoría FEMINAS: No caso de que algunha competición teña deportistas femininas inscritas no mesmo nivel (mesmas portas de paso), puntuarán para a Copa Galega de Trial Fémias e puntuarán para una clasificación final conforme ó sistema de puntuación do C.G. de Trial. O finalizar o Campionato a FGM entregará un Trofeo e/ou diploma ás tres primeiras clasificadas da categoría Fémias. Os clubs organizadores das competicións non terán obrigación de entregar Trofeos nesta categoría, aínda que se recomenda facelo.